

Ditos e refráns recollidos na comarca do Ortegal

Expressions and proverbs collected in the Ortegal area

Narciso Luaces Pardo

Museo Etnográfico de Meixido. Ortigueira

narcisoluaces@hotmail.com

Resumo: Recadádiva de 185 locucións, fórmulas e refráns galegos da comarca do Ortegal (NO de Galicia) que son da acordanza e uso actual do colector, da súa familia e veciños.

Palabras clave: Fraseoloxía galega, paremioloxía, traballo de campo, fraseografía espontánea.

Abstract: Compilation of 185 Galician idioms, expressions and proverbs from the Ortegal area (NW of Galicia) remembered and currently used by the gatherer, his family and neighbourhood.

Keywords: Galician Phraseology, Paremiology, fieldwork, spontaneous phraseography.

A seguinte recadádiva é o resultado da miña memoria persoal e da miña preocupación de home de oitenta anos que non encontra nos dicionarios certas maneiras de dicir usadas por aquí entre nós dende sempre ou que mesmo van desaparecendo do uso das novas xeracións coa evolución natural da lingua. Que en moi pouco tempo a nosa sociedade agrogandeira e mariñeira estea pasando a ser unha sociedade maiormente urbana ten moito impacto na lingua: e este impacto é moi intenso na fraseoloxía, porque se alteran os referentes visibles de moitos modos de dicir. A natureza escurécese e iso é unha perda, porque non só desaparecen imaxes, ideas e palabras senón tamén saberes e técnicas. Esta preocupación é a que tamén me levou a crear un Museo Etnográfico propio en Meixido (Ortigueira, A Coruña)¹ no que teño expostas algo máis de tres mil pezas da cultura agraria tradicional.

O ámbito no que esta fraseoloxía está viva e é de circulación común é a comarca do Ortegal, situada no NO de Galicia. Máis concretamente, procede da miña parroquia (San Paulo dos Freires) e das parroquias da redonda (Santiago de Cuiña, San Sebastián de Devesos, San Salvador de Couzadoiro, San Cristovo de Couzadoiro e San Xulián

Data de recepción: 22.5.2014. Data de aceptación: 24.9.2014.

¹ Situado en Meixido (San Paulo dos Freires)- 15332 Ortigueira (A Coruña). Aberto sábados e domingos de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00. De luns a venres con cita previa. Tf.: 34+ 981 422 258.

de Senra), todas do concello de Ortigueira. Só media ducia de expresións recollidas na parroquia e vila de Santa Marta de Ortigueira.

Para ben ser, cómpre advertir que esta fraseoloxía é común a unha zona máis ampla e por iso a dou como fraseoloxía e paremioloxía da Comarca do Ortegal. E nisto tamén debo aclarar que esta Comarca do Ortegal comprende hoxe os concellos de Cariño, Cerdido, Maañón e Ortigueira; e que, antes da última reforma administrativa, tamén comprendía os concellos de Cedeira (agora na comarca de Ferrol-Terra) e As Pontes de García Rodríguez (agora pertencente á comarca do Eume).

1. Locucións

1. **andar ás apalpadas.** Ser noivos e ter momentos secretos de intimidade, axudándose do tacto, coma tal, véndose no muíño para que ninguén llelo saiba. *En tempos os mozos aproveitaban que se vían no muíño para andar ás apalpadas sen que ninguén llelo soubese* Vexase *vir do muíño*.
2. **andar coma un can tundado.** Andar avergoñado alguén por algunha falta grave ou por algún delito que cometeu. *Fulano fixo o que non debía, a xente sábeo e agora anda coma un can tundado*.
3. **ás anchas.** Sen ter ningún problema en que cavilar. Úsase con verbos como *durmir, estar* e outros. *A Xan tocoulle a lotería e agora dorme ás anchas*.
4. **baleira-lo saco.** Irse confesar co cura. Dise dos crentes cando van confesar. *¿Onde vai Marica? - preguntou a veciña. Vai baleira-lo saco - dixo o home da que se ía confesar*.
5. **botarlle pan ó caldo.** Ter recursos económicos suficientes. *Cando unha familia se vale ben dicimos 'Esta xente bótalle pan ó caldo'*.
6. **bourar en ferro frío.** Intentar convencer alguén dalgún asunto sen conseguilo. É tan testán que intentar convencelo dalgunha cousa éche bourar en ferro frío.
7. **cargar co lote.** Casar cunha persoa que xa ten un ou máis fillos dunha parella anterior. Úsase máis referido a mozas con fillos previos. *Andrés cargou co lote que deixou Rufino*.
8. **cheirar a chamusco [nunha casa].** Haber voda inminente nunha casa ben porque se ven preparativos de banquete nupcial ou, máis ben, porque a moza arde de amor. É unha broma cariñosa entre os veciños para felicitala familia e despois felicitala noiva. Cabe pensar que antigamente se asaría unha boa peza, tal vez se sacrificase e chamuscase un porco. *Veño a esta casa, porque aquí cheira a chamusco. Na casa de Pedro, cheira a chamusco: o cura leu hoxe as proclamas da filla*.
9. **coma a cabra e o coitelo.** Moi mal, con mala convivencia. Úsase con verbos como *andar, estar, levarse...* *O Caxigo e mais o Silvestre eran tan amigos e agora están coma a cabra e o coitelo*.
10. **co saco baleiro.** Sen conseguir un obxectivo que se confiaba conseguir; sen nada. Combina preferentemente con verbos como *ir, vir, volver* e similares. *Naqueles tempos tiñas que levar unha recomendación pra que che empregasen un fillo no concello; e, cando chegabas e a praza xa lla deran a outro, volvías prá casa co saco baleiro*.

11. **durmir *ca perna estirada.** Dispoñer dos recursos necesarios para vivir. Ter de todo. *A Marica da casa de riba deixoulle unha boa herdanza un tío que lle morreu na Habana e agora pode durmir *ca perna estirada.*
12. **entra-lo vento de *embudo.** Vir do mar vento con moita forza e moito frío ó pasar pola boca da barra. *Antonia viña de apañar un carabel de berberechos á praia de Morouzos - Ortigueira e, viña conxelada de frío, por mor do vento do Nordés que entraba de *embudo pola boca da barra. Vêxase ir un frío que pela coma na boca da barra.*
13. **estar gordo coma o bacallau polo rabo.** Estar fraco. Soe dicirse con intención de burla da persoa ou do animal que está fraco dado que o bacallau polo rabo é moi delgado. *O mozo de Antonia, a nosa veciña, antes era gordo e agora, está coma o bacallao polo rabo.*
14. **facerlle á lebre un nó no rabo.** Intentar conseguilo que xa non é posible. Un cazador que andaba de caza ás lebres preguntoulle a un rapaz que estaba alindando as vacas, se vira por alí algunha lebre, o rapaz díxolle: *Mire, naquela toxeira hai unha, ¿Non lle ve as orellas? Tirelle. Non* -dixo o cazador-, *sacude a toxeira para que saia.* O pequeno obedeceu e, cando saíu a lebre, o cazador meteulle dous tiros e non a matou. Daquela dille o rapaz: *A lebre que corría e vostede que a axotou, agora fágalle un nó no rabo.*
15. **falso coma as mulas.** Persoa de comportamento imprevisible e traidor. *Xan do Perico é falso coma as mulas: nunca sabes cando che vai dar un couce.*
16. **falso coma a vaca que da couces á canada pra verte-lo leite.** Persoa de comportamento imprevisible e traidor. Hai vacas un pouco imprevisibles que, cando as moxen, por veces danlle un couce á canada e verten o leite. *Non te fies del, que che é falso coma a vaca, que dá couces á canada para verter o leite.*
17. **ir coma a tres nun cesto, e o cesto polo río abaixo.** Encontrarse unha persoa nunha situación difícil. *Vai coma a tres nun cesto, e o cesto polo río abaixo.*
18. **ir [unha cousa] coma a correa no lume.** Ir a menos, empeorar, porque a correa no lume sempre vai a menos: encóllese e arde. *-¿Que tal che vai o negocio? -Coma a correa no lume.*
19. **ir coma a tres nun cesto, e o cesto polo río abaixo.** Encontrarse unha persoa nunha situación difícil. *Vai coma a tres nun cesto, e o cesto polo río abaixo.*
20. **ir un frío que pela coma na boca da barra.** En tempo de inverno na boca da barra vai moito frío. A barra é un conxunto de área que as correntes mariñas van traendo para esta enseada de Ortigueira e vai formando bancos de área que están somerxidos a ambos lados da entrada da ría de Ortigueira fronte a praia e soamente quedan ó descuberto cando a marea é moi viva. Os barcos, para cruzar por este canal van dirixidos polo práctico do porto, para que non embarranquen na area. As ondas do mar baten contra os bancos de area que hai fronte á praia de Morouzos (Ortigueira). Cando o vento zoa do N-NE entra, *de *embudo* dende a Estaca de Bares e o cabo Ortegal ata a dita barra que se atopa na enseada entre os coutos de Figueiroa e o de Ladrado e, ó entra-lo vento de *embudo na boca da barra, zoa forte e vai máis frío. Fóra da barra xa non vai tanto frío. *Vaiche un frío que pela coma na boca da barra.*

21. **máis pesado có pé do muíño.** Persoa insoportable falando. O pé do muíño é a pedra cilíndrica e fixa sobre a que rola outra (a moa). O pé do muíño pesa moito para que non se mova a tempo de moer. *O Farruco non hai quen o aguante cando se pon a falar da Guerra de África: éche máis pesado có pé do muíño.*
22. **mexar fóra do ouriñal.** Contar mentiras; ser persoa mentireira. *Prudencio, cando conta algo, mexa moito fóra do ouriñal.*
23. **non agarra-lo ferro por onde queima** Ser un folgazán; traballa-lo mínimo posible. *O Xacinto non che é traballador: non agarra o ferro por onde queima.*
24. **non matar unha mosca co rabo.** Ser persoa ineficiente. Dise do animal sen rabo, e tamén da persoa que é moi parada, lenta, ineficiente *Non mata unha mosca co rabo.*
25. **non ser trigo limpo.** Ter mala reputación. *Culás non me parece que sexa trigo limpo: con moita diplomacia todo o quere pra el.*
26. **parecer un pito sorollo.** Estar raquítico; non medrar. Refírese a calquera animalíño que non medra como os outros, que está raquítico, ben sexa por enfermidade ou por defecto de nacemento. Non fai mención ós humanos. *Ese cadelo parece un pito sorollo.* A forma común nesta comarca é *sorollo*, é variante, con palatalización, da forma estándar *serodio*. Eu sempre escoitei *pito sorollo*, aquí nunca se dixo *serodio*.
27. **saber [algo], que arde no candil.** Ser comida que leva ben graxa, sobre todo a sopa de pan. Aínda que noutras partes de Galicia se refire ó viño, aquí refírese só á comida. *Esta comida sabe que arde no candil.*
28. **saír a fume de carozo.** Fuxir a toda présa. Saír [alguén] correndo por algunha trasnada que fixo sen mala intención. *Farruco asustou o cabalo e por pouco tira co cabaleiro e Farruco saíu a fume de carozo.*
29. **ser tan lixeiro coma a *viruta cando está ben seca.** Ser home de pouco peso, que non ten formalidade. A motivación é que a labra da madeira seca pesa pouco e por iso se di de quen non é formal. *Cando mira-los feitos e as palabras de Fulano, ves que é tan lixeiro coma a *viruta cando está ben seca.*
30. **ser un *mexamorna.** Ser persoa que non ten decisión para ningunha cousa.² *Tanto lle dá arriba coma abaixo: é unha mexamorna.*
31. **ser unha ave perdida.** Ser persoa que non ten paraxe en ningunha parte, nin se preocupa por ter nada de seu. *Fulano é unha ave perdida.*
32. **ter [alguén] moita guirivilla / haber [nalgún lugar] moita guirivilla.** Chufarse alguén sen ter grande motivo. Considero que é moi importante recoller ben esta locución e vou relatar tal como a escoitou miña nai, a quen eu lla escoitei contar varias veces. Ía para o mercado de Ortigueira e atopou cun grupo de xente que ía tamén cara á vila. Neste grupo ía home que vivía nun dos lugares da Montaña máis unha muller que era da mariña. Ata hai poucos anos a xente da Mariña tíñase por máis importante cá da Montaña. Esta mariñán deu en lle chufar ó

² N. da Red.: *Ser un mexamorna* aplícase a aqueles que nunca toman partido por nada e carecen de iniciativa. [<http://haicu.blogspot.com.es/2006/04/un-idiolecto-de-meu.html>]. [8.9.2014].

montañés o ben que se vivía na Mariña, todo era moito mellor que o doutras bisbarras. O home foina escoitando e cando lle pareceu que a muller levaba contado bastantes loanzas, díxolle el: -*¿Sabe vostede o que estou pensando?* -*¿E que, señor?* - *Pois que na Mariña haille moita guirivilla.* - *¿E logo que é a guirivilla?* - preguntou ela. - *Pois élle que, cando a miña muller vai muxi-la vaca, aínda que a canada vén mediada de leite, a espuma reverte pra fóra desta. A esa espuma élle ó que lle chamamos guirivilla.* A muller calou.

33. **verter no río coma un cesto vello.** Contar moitas mentiras. Os cestos, por estaren trezados con vergas, gardan sólidos pero non líquidos. E, se o cesto está vello e roto, pode non gardar tampouco sólidos. *Fulano verte no río coma un cesto vello.*
34. **vir do muíño.** Vir de estar en segredo coa moza, vir de andar con ela ás

apalpadas. Dise dos que son noivos ás escondidas. A frase nace de cando os muíños eran o lugar e ocasión de encontro secreto dos noivos pero sempre quedaba á vista a proba da roupa enfouzada en fariña. *¡Viñache do muíño! Sempre se ha de descubrir por onde un anda.*

35. **vir enfariñado.** Vir de estar en segredo coa moza, vir de andar con ela ás apalpadas. Dise dos que son noivos ás escondidas pero a xente sempre llelo nota nalgún pequeno detalle (por traer na roupa algo de fariña). *Pedro mais Amalia dise que son noivos ás apalpadas e algo debe de haber; porque onte os dous tiñan a roupa algo enfariñada; seguro que pola noite se viron no muíño ás escondidas.*
36. **vir de mancoca.** Vivir á conta do que outro ten. *Xan vive cuns parentes que son moi ricos e non traballa: vive de mancoca.*

2. Fórmulas

37. **¡Agora, gugurugú mandín!** Fórmula que expresa que a situación no momento de falar xa non ten remedio. Véxase *Os que me daban.*
38. **As cousas, claras; e o chocolate, espeso.** Fórmula que se usa para dicir que se contan ou deben conta-las cousas como son *sen andar con voltas.* *Marica contas as cousas claras coma a auga da fonte.*
39. **¡Así paga o demo a quen o *sirve!** Fórmula que se usa cando un pide axuda a unha persoa a quen previamente ten axudado pero el agora non corresponde. Aínda que o normativo é *serve*, aquí dise **sirve*.
40. **¡Chufa, carracha, que logo vén o vrao!** Dise cando alguén se chufa sen

ter moito de qué, pero ten esperanza de chegar a ter. *A carracha a boa vida pasa no vrao.*

41. **Desta auga non beberei.** Dise cando alguén quere asegurar que un nunca pensa facer semellante cousa [coma a cousa da que se está a falar]. *Xacinto, dixo, eu desta auga non beberei.*
42. **¡É ben segredeiro!, garda o que come despois que o ten no papo.** Fórmula irónica, que significa que conta todo o que lle contan a el. Xoquín, canto sabe, canto conta.
43. **¡É ben segredeiro!, garda outro tanto coma a porta da vila.** Fórmula para dicir que alguén non garda segredo ningún: na porta da vila era onde se contaban e comentaban tódalas novas.

- Tamén se di, coa mesma intención, que *a porta da vila non ten cancela.*
44. **Latrica, que te latrique o demo.** Aplícaselle á persoa que protesta (*roña*) seguido, aínda que non teña motivo pra roñar. *Xoana, colléche-lo costume de rifar seguido cos da casa: se deixámo-la porta aberta, protestas e, se a pechamos, tamén protestas. Latrica, que te latrique o demo.*
45. **¡Moitas *limosnas collen nun saco!** Diciáo o que non tiña nada, cando chegou a ve-lo seu saco cheo de esmolas.
46. **Moito fu fu e pouco ñameñame.** Fórmula coa que se critica que alguén se gabe de ter abundancia de todo, cando, á hora da verdade, non ten nin que comer. *Fu fu* é onomatopea da ostentación (quizais polo ruído que facía o rozamento de roupas de tecidos caros) e *ñame ñame* é onomatopea da acción de mastigar. En definitiva, moita barulla para pouco proveito.
47. **¡Morra o burro e morra farto!** Úsase cando un se excede comendo dunha comida que lle sabe ben. *Patricio, xa comera abondo pero mirou para o doce que quedaba na bandexa e comeuno mentres dicía ‘Morra o burro e morra farto’.*
48. **¡Morra o can e morra (tamén) a rabia!** Fórmula que se usa cando morre a persoa que lle ten feito moito dano a outra, querendo dicir que o falante desexa esquecer todo o que pasou con esa persoa.
49. **¡Naceu un corvo branco!** Dise cando se recibe algo de quen nunca dá nada a ninguén. Coma tal, cando vén de visita pero, desta vez, trouxo un bo obsequio. *¡Vaia! - dixo a ama- fulana nunca trouxo nada e desta vez veu cun pito máis unha pita que logo ha de comezar a poñer. ¡Naceu un corvo branco!*
50. **¡Nin tanto, nin tan pouco!** Recomendación de non pasarse, nin tampouco quedarse curto cando se fai algo. *El pasa de estar mañá e tarde *ca moza a botar, se cadra, dúas semanas sen falar con ela. Nin tanto nin tan pouco.*
51. **Non está o alcacer pra gaitas.** Dise cando unha persoa está de mal humor e non ten gana de bromas. *Rosa está enfadada co mozo e non ten gana de festas. Non está o alcacer pra gaitas.*
52. **No meu carro non vai á misa.** Fórmula que expresa que a persoa de quen se fala non é de confiar, porque só anda ás comenencias dela. *O veciño da casa de riba quere que lle cambie a leira mellor que teño pola del, que é moito máis cativa cá miña. No meu carro non vai á misa.*
53. **O burro diante, pra que non se espante.** Díselo ó que, cando conta algo no que participaron varias persoas, di *Eu e ti*, ou *Eu e el*; *eu e mais ela*, poñendo diante o pronome de primeira persoa.³
54. **O falar non ten cancelas.** Úsase cando alguén di barbaridades que ninguén

³ N. de Red. Esta corrección debe proceder da escola, porque en castelán prescribese como norma de cortesía *tú y yo*; coma en inglés *you and I / you, she, and I* mentres que en galego *eu e ti* é o habitual. Isto tamén acontece no italiano (*io e te*) e en latín (*ego et tu*): No latín xa Plauto usa o *ego et tu*: *Talenti magnis totidem, quot ego et tu sumus* (*Mostellaria* 3,1,114). Na Biblia Vulgata nunca encontramos a secuencia *tu et ego* senón sempre *ego et tu*, coma nestas tres citas do Antigo Testamento: *de verbo autem quod locuti fuimus ego et tu sit Dominus inter me et te usque in sempiternum* (Samuel 20,23). *memini enim quando ego et tu sedentes in curru sequebamur* (4Reis, 9,25); *cui ille respondit ut ego et tu sicut populus tuus sic et populus meus tecumque erimus in bello* (2 Crón.18,23).

cre. *Xan contou na taberna que collera moitas patacas e grandes: unha disque pesa máis de tres quilos. Un dos que estaban á escoita, dixo: 'O falar non ten cancelas'.*

55. **Pouco máis dá o fol que as amarrallas.** Fórmula para cualificar dúas persoas de pouco prestixio. As amarrallas eran de coiro de cabra, coma o fol; e, se o fol ía vello, as amarrallas tamén. O fol usábase para leva-la gra a moer ó muíño. Aínda lembro ver un fol na nosa casa, cando eu era un cativo, xa non se usaba para nada. Tanto o fol coma as amarrallas valía poucos cartos.
56. **Tanto monta Xan coma Pirillán.** Dise de dúas persoas de pouco peso, pouco serias. *Xan e máis Pirillán, se os poñen*

3. Refráns

61. **A abundancia fai a barateza.** Cando hai moita abundancia, as cousas páganse menos. *Un veciño estaba moi ledo porque collera moitas patacas. E o outro díxolle "Nin por iso é mellor ano: a abundancia fai a barateza".*
62. **A bragas enxotas non se collen as troitas.** Para colle-las troitas coa man hai que mollarse, hai que meterse no río. O refrán quere dicir que o que algo quer ter primeiro teno que suar.
63. **A coda que está pra un, non hai can que a roia.** Aínda que nós o queiramos desviar, o destino ha de segui-lo seu camiño. Aínda que neste caso a rima non sexa perfecta (*coda – roia*), por esta terra sempre se lle chamou *coda* (e non *codia*) tanto á do pan coma á terrestre. *Pedro quería casar con Marica; mais ela agardaba que lle viñese outro máis guapo. Pero, como non veu, casou co Pedro, porque a*

na balanza, queda en equilibrio, non sobe nin baixa ningún dos dous pratos.

57. **Toda a leria é súa.** Dise do que parola seguido sen deixar fala-los outros. *Xan non pecha a boca en todo o tempo e non deixa fala-los outros. Toda leria é súa.*
58. **Todo é peixe, o que non o queira que o deixe.** Todo (o que hai aquí) é igual, non hai en que escoller.
59. **Un pé aquí e outro aló.** Fórmula que se usa, maiormente cos rapaces, para apuralos cando se mandan a un recado, para que non paren no camiño, para que volvan axiña.
60. **¡Vaia o demo *ca carrada!** Dise cando alguén resolveu con ben un asunto que lle ocasionaba moitos problemas. Por aquí dise máis *ca* que *coa*.
- coda que está pra un non hai can que a roia.*
64. **A comida que sobra é a que farta.** Cando sobra comida, é que un xa vai farto.
65. **A esperanza nunca se perde, aínda n'a perde a galiña polos dentes.** A esperanza é ilusión e, se esa se perde, perdeuse todo. Que a galiña chegue a ter dentes, é imposible pero, precisamente por ser imposible, o refrán concreta nese soño irrealizable da galiña a esperanza que nunca se perde de ter ou facer algo. É máis común a forma breve que só ten as cinco palabras pero a forma plena deste lema escoiteina moitas veces.
66. **A falta de pan, boas son papas.** Tamén se di, *A falta de pan, boas son tortas.* A torta é fariña amasada coma a do pan pero cocida co graxa nunha tixola. Cando non hai pan, bo é que,

- polo menos, haxa papas ou tortas. Aplícase a todo tipo de carencias.
67. **A fame en Galicia vén nadando.** Ano de moita chuvia, ano de mala anada. Pra que a colleita sexa boa, debe chover; pero non de máis, porque as plantas tamén precisan que faga moito sol.
68. **A mal pagador nunca lle faltan desculpas.** É frecuente que quen nunca paga o que debe sempre ande buscando razóns para xustificarse e, inda por riba, queira quedar ben.
69. **A mal tempo, boa cara.** Tras do malo, sempre ha de chega-lo bo. Díselle a unha persoa ou a unha familia que está a pasar por unha situación crítica para animala a pensar que tras do malo chegará o bo.
70. **A parola é boa prá feira.** Díselle a quen, en vez de traballar, está de parola con outra persoa. Díciallo o amo ós traballadores cando se poñían de parola e non traballaban. Aínda que noutras zonas de Galicia a parola pode telo significado de “verborrea”, nesta terra do Ortegal *parola* é “conversa” e a conversar sempre se lle chamou *parolar*.
71. **A sol posto, pouco día queda.** Este refrán ten un primeiro significado real, referido á duración do día. Pero utilízase máis en sentido figurado: úsano maiormente as persoas que xa fixeron moitos anos, para expresaren que, polos anos que xa teñen, verosimilmente quédalles pouca vida.
72. **A xente de seu e gando alleo, calquera chega.** Chegar a ter *xente de seu* (do propio sangue, é dicir, fillos) é máis doado que facerse con *gando de seu* (da súa propiedade). Por iso o refrán ironicamente di que o fácil é chegar a ter *xente de seu* pero *gando alleo*. Nos tempos da miseria para os pobres era máis doado casar e ter fillos que gañar cartos para facerse con *gando de seu*. Os cartos non había onde os gañar pero os fillos non había que os mercar: viñan de seu. O *gando*, en cambio, poñíallelo o rico da parroquia, o cacique, que levaba a metade da cría que dese a vaca. Este é un refrán que describe con ironía a economía dos pobres labregos.
73. **Amiguiños si, pero a galiña pola peseta.** O trato é trato, a amizade é á parte. Díciallo o que lle vendía a vaca ó amigo, cando este lle pedía rebaixa no prezo da vaca. Curioso este falar de galiñas cando se trataba de vender e mercar unha vaca.
74. **Amoras á moreira, canadas á silveira.** En tempo de amoras hai pouca herba no prado porque non medra debido á seca, e sen herba a vaca non dá leite.
75. **Ano de moito enxame, ano de pouca melada.** Cando a abella cría moito, non dá feito mel pra mante-la cría e mais pró dono.
76. **Boi ceibo, de seu se lambe.** O que vive só, non ten quen lle berre.
77. **Burro mal rapado, ós oito días igualado.** Tamén se di do home mal rapado.
78. **Cabra que estás na pena, o que por outro ves, a ti te espera.** O que vexas que lle fan ós outros, hancho de facer a ti tamén.
79. **Cada galo dorme no seu poleiro e cada can no seu palleiro.** O home debe durmir na súa casa.
80. **Cambiarás de muiñeiro, pero de ladrón, non.** Os muiñeiros teñen sona de maquiari máis da conta.

81. **Cando a barra de Ladrado ruxe, inverno forte.** Véxase o dito en *ir un frío que pela coma na boca da barra*. A rima con *forte* parece pedir *roxex*: pero nesta zona dicimos *ruxe*. A barra de Ladrado está na desembocadura do río Baleo entre a parroquia de Ladrado e a illa de San Vicente, á entrada da ría de Ortigueira. Queda a sete quilómetros en liña recta. Se nos situamos na miña casa (Meixido – Freires), quédanos xusto ó N. Cando esta barra se escoita desde certos lugares é sinal de inverno. A barra de Ladrado escóitase dende o lugar de Meixido cando o vento está en calma pero, pode que, cando chova neste lugar, xa faga tamén vento coma nos demais lugares. Cando mellor se escoita é no outono e co vento en calma. Disto podo dar fe. Vázquez Saco (2003:494,12824) ofrece esta variante coincidente coa anterior: *Cando brúa a barra de Ladrado, bois ó abrigo*.
82. **Cando brúa a barra de Ortigueira, bois á leira.** Vázquez Saco (494,12817) cataloga este refrán como prognóstico de bo tempo e isto permítenos matizar aínda algo máis: a barra de Ladrado e a barra de Ortigueira están na mesma enseada a entrada da ría de Ortigueira, soamente as separa a mentada illa de San Vicente pero soan diferente: na de Ortigueira as ondas do mar baten contra os bancos de área da Praia e ruxe menos; mentres que na barra de Ladrado o mar bate contra os cantís de dita illa e dos do couto de Ladrado, ruxe máis forte, e síntese de máis lonxe. Este é o motivo de escoitarse dende Meixido. Referente ós refráns de Vázquez Saco, os dous están acertados: seguro que el recolleu información en dous lugares opostos un do outro. O que coincide co meu tivo que darllo alguén desta bisbarra e, o outro, tivo que o recoller pola outra banda da ría entre as parroquias da Pedra e de Sismundi que quedan na ladeira do cabo Ortegal, un lugar ó que a barra de Ortigueira lle queda ó Leste. Cando o vento está do Leste, nesta comarca fai mellor tempo que cando o vento zoa doutros cuadrantes, pero, insisto en que, para que se escoite a barra tanto nun lugar como no outro ten que estar o vento en calma aínda que se levante antes de comezar a chover.
83. **Cando a néboa asoma no couto da Penoseira, pon os baldes á goteira.** O couto da Penoseira está no alto da parroquia de Cuiña e esta queda a carón da de Santa Marta de Ortigueira, no centro da comarca. O couto ten 250 m. de altura preto da ría de Ortigueira e, cando a néboa o cobre, aínda que sexa pouco, algo ha de chover.
84. **Cando a ral croa na fonte e o sapo canta no valado, xa o tempo está temperado.** Anuncian que vén o bo tempo. Aquí chamamos *ral* á rá.
85. **Cando ó home lle apunta o bigote e á muller a teta, cascaralleta.** Cando nace o bigote e a teta, tamén esperta o desexo sexual.
86. **Cando do nordés chove, ata as pedras move.** Cando chove do nordés, chove forte, aínda que nesta comarca chove poucas veces cando o vento está Nordés.
87. **Cando o galo pica a galiña, sinal de pitos pró ano; cando a galiña pica o galo, sinal de pitos axiña.** Dise cando a femia busca ó macho.
88. **Cando o lume eschareta, inverno á porta.** A leña, se está húmida,

- eschareta. A palabra *escharetar* significa chispear, saltar chispas con ruído máis ou menos forte.
89. **Cando o mar está en abalo, o muíño de marea está parado; cando a marea baixa, xa o muíño pode moer.** O muíño do mar que hai na ría de Ortigueira só moe cando a marea está en debalo porque moe coa auga que se encora na presa (feita cun muro de pedra que ten unha comporta que hai que pechar cando a presa está chea co abalo da marea). Así que este muíño só pode empezar a moer cando o nivel de auga da ría é máis baixo co da auga encorada na presa.
90. **Canta rula naquel souto, ¡pobre do que agarda polo que está na *mao doutro!** Expresa a desesperación do que espera por algo que lle prometen e non llo chegan a dar. Nesta comarca dicimos *mao* por *man*.
91. **Canto menos vulto, máis claridade.** O moito vulto ás veces engana.
92. **Chega a máis o pouco ben repartido que o moito mal administrado.** O que é ben repartido sempre chega; o mal administrado, chegará ou non.
93. **Colle fama e déitate a durmir.** O que é famoso sempre o admiran e isto facilítalle levar unha vida tranquila.
94. **Criado novo, pan e ovo; criado vello, dáselo un codelo.** O novo é sempre máis apreciado.
95. **De burro pra baixo, non hai menos besta.** Dise da persoa pouco intelixente.
96. **De noite tódolos gatos son pardos.** Tras da escuridade escóndese todo.
97. **Desconfía e acertarás; confía e perderás.** O que de todos se fía, fracasos ha de levar.
98. **Deus dea a pereira e eu á súa beira.** Cando teña peras, algunha sempre me ha de tocar.
99. **Día de moito, véspera de nada.** O que hoxe ten moito, mañá pode verse sen nada.
100. **Dime con quen andas e eu che direi quen es.** Se andas cos malos, malo has de ser ti tamén; se andas cos bos, ti tamén serás bo.
101. **En agosto está a auga tras do toxo.** Aínda que é verán, en agosto tamén chove por veces.
102. **En agosto secan os montes e en setembro as fontes.** Se o verán dura ata setembro, non só secan os montes: secan as fontes tamén.
103. **En San Xoán as nove con día dan.** As nove, pola hora solar, dan con día.
104. **Gaivotas en terra, mariñeiros á merda.** Cando hai temporal, as gaivotas van para a terra e os mariñeiros non poden saír pescar.
105. **Hai amores que non matan, pero mortifican.** Fala este refrán dos amores que non son correspondidos
106. **Hai que limpar cando vai vento.** Hai que aproveita-la ocasión cando a hai: pode que non a volva haber.
107. **Home casado, nin muller é.** O home desde que casa, anda por onde lle manda a muller.
108. **Leve o demo ó dente que come a semente.** O que come a semente mal pode ter que comer para o ano que vén.
109. **Máis vale auga da carne que carne da auga.** Mantén máis un caldiño de carne que o peixe.
110. **Máis vale o vello co uso, que o novo co fuso.** O saber non se aprende só nos libros: tamén se adquire cos anos.
111. **Mais vale ter que desexar.** Dío quen está gordo, cando alguén fai a risa del.

112. **Moita pompa na praza e merda na casa.** Aplícase ás persoas que queren aparenta-lo que non son na realidade.
113. **Muller barbuda, de lonxe se saúda.** Muller barbuda, pon respecto.
114. **Muller morta, cento á porta.** O home viúvo disque ten moitas oportunidades de volver casar.
115. **Muller rabuda e can rabeno aparta deles coma do demo.** Ambos son falsos.
116. **Na casa do ferreiro, coitelo de pau.** O oficial fai primeiro o traballo de encarga que o traballo da casa.
117. **Nin todo o monte é ourego, nin todo o que reloce é ouro.** Nin todo o que se ve é verdadeiro.
118. **Non hai mellor cuña cá do mesmo pau.** Non hai mellor recomendación cá dun familiar. Variante local que contradí a máis estendida, que di que a do mesmo pau é a cuña peor.
119. **Non hai palleiro sen palla.** O que come pouco non engorda.
120. **Non hai sábado sen sol nin moza sen amor.** Raro ha de se-lo sábado que non haxa unha raiola de sol, ou unha moza sen amor.
121. **Non se pode estira-lo pé máis do que dá a manta.** Non se pode gastar máis do que un ten.
122. **Nunca chove a gusto de todos.** Por moito que tarde en chover, a algún sempre lle ha de vir mal a auga.
123. **Nunca faltou un roto pra un descosido.** Sexas da condición que sexas, sempre has de atopar outro do teu igual.
124. **Nunca se sabe de quen é a albarda ata que morre o arrieiro.** No suposto deste refrán, a albarda do arrieiro era emprestada.
125. **O amor verdadeiro entra polo mexadeiro.** Sen sexo, o amor non é completo.
126. **O burro meteralo no río, pero ¡de aquí a que beba...!** Aínda que sexa burro, o que non ten sede, non bebe.
127. **O demo ten unha manta mais unha choca: o que a manta tapa a choca o destapa.** Tarde ou cedo, todo se chega a saber.
128. **O fol cando vai pró muiño, vai cheo, cando volve vén medio baleiro.** Este refrán expresa veladamente que o muiñeiro maquía moito máis do que lle pertence. *Maquiar* era coller para si [o muiñeiro] unha parte proporcional da fariña que moera o seu muiño: este pagamento en especie ó muiñeiro chamábase precisamente *maquía*.
129. **O mal veciño torna a auga toda pró seu prado.** Dise dos que todo o queren para eles.
130. **O mentireiro tamén conta algunha verdade: o malo é saber cando a conta.**
131. **O mentireiro ten os dentes raros.** O que é mentireiro vánselle as mentiras polo medio dos dentes.
132. **O monte de cardo pra min o gardo; o de silva prá miña filla; e o de braña prá miña nora.** O monte mellor para min, o regular para a miña filla e o máis malo para a nora.
133. **O paxaro, cando chove, mete o rabo na silveira.** As silveiras (e os muiños) eran o lugar de encontros amorosos da mocidade. Noutros lugares eran as xesteiras pero nesta bisbarra había moi poucas xesteiras, por iso se compara coa silveira e non coa xesteira. Este refrán, coma moitos, ten unha forma ampliada que se converte en cantiga popular: esta é a continuación: *Así fan*

algunhas nenas, cando non hai quen as queira.

134. **O pé do ovo pon a galiña.** Hai o costume de lle deixar á galiña un ovo no niño onde está afeita a ir poñer, para que non cambie de niño. Por iso se di: *Un ovo tira polo outro* e tamén *Un carto tira polo outro.*
135. **O que ó vello non quer crer, ou é cego ou non quer ver.** O saber non só se aprende nos libros, tamén se aprende cos anos.
136. **O que dá consellos, non dá pan.** Os consellos poden axudar pero, se non se traballa, non hai pan.
137. **O que do seu fai alleo, mete as brasas no seo.** O que empresta algo e non llo devolven, perde o emprastado mais o amigo.
138. **O que delas ten, delas perde.** Non todo son ganancias nesta vida. Neste caso *delas*⁴ *refírese a calquera obxecto, ben sexa material ou inmaterial, do que dispoña unha persoa e que o poida perder todo ou parte del.*
139. **O que é amigo de saber, tamén é amigo de contar.** Hai xente que anda sempre preguntando cousas para logo ilas contar a outra parte; coma tal, ilas escoitar na taberna, pra logo ilas contar el ó muíño: o refrán avisa da indiscreción.
140. **O que lonxe quer chegar, atrancos no camiño non lle han de faltar.** Para chegar lonxe hai que vencer moitas dificultades.
141. **O que pra ti non queiras, non llo deas a outro.** O que non vale para ti, tampouco valerá para outro.
142. **O que pexegos ha de roubar, en marzo os ha de alertar.** O pexegueiro madura no mes de setembro pero florea no mes de marzo.
143. **O que se esconde, por algo se esconde.** Algunha trasnada fixo. O pequeno da casa de baixo abriulle a cancela ás ovellas e foron come-lo maíno doutro veciño: agora el non se atreve a ir alí.
144. **O que sementa antes da Sanluca colle moita palla e pouca manduca.** O trigo que se sementa cedo ten máis tendencia ó encamado. Se chove moitos días seguido cando está na floración, o trigo déitase contra o chan e non se volve a erguer de todo: nese caso dá a mesma palla pero dá menos gra. E, claro, antes da Sanluca (18 de outubro) era moi cedo para sementa-lo trigo.
145. **O que ten rabo de palla, sempre ten medo que lle arda.** Quen ten algún mal feito sempre ten medo a que o descubran.
146. **O que todo o quere, todo o perde.** Dise daquel que é tan cobizoso que perde o pouco por quere-lo todo. *A Xan mercábanlle unha casa vella que tiña á venda e pagábanlla ben pero el aínda quería máis e, cando veu o inverno, co temporal, caíulle. O que todo o quere, todo o perde*
147. **O segredo que é cousa de dous, xa non é segredo.** Cando o segredo pasa de un, xa non é segredo.
148. **O tempo de afiar non é tempo perdido.** A ferramenta ben afiada corta mellor e avanza máis o traballo.

⁴ N. de edición: *deles...deles* e un arcaico distributivo que significa “uns... outros”. Aínda se rexistrou nalgúns lugares da prov. da Coruña en 1980 pero tamén aparecía nas *Cantigas de Santa María* (325, 54-58): *E ascuitou húa peça /e oyu falar os mouros / que yan cavar as vyas./ deles brancos, deles louros; /e oyu mogir as vacas /e oyu bruyar os touros / e diss*: “*En terra de Tanjar / me sôo como soya.*” / *Con dereit’ a Birgen santa / á nome Strela do Dia...*

149. **Ollos que non ven, corazón que non sente.** A ausencia fai esquece-lo amor.
150. **Onde hai troncos logo se fan cachelas.** O que ten algo aforrado sempre ten algo de que botar man.
151. **Ónde irás, boi, que non ares.** Vaias para onde vaias, sempre has ter que traballar.
152. **Os cartos esvaran da *mao coma as anguías.** Os cartos, se non se terma ben deles, logo se esfuman. Por aquí dicimos **mao* por *man*.
153. **Os poltros de Caaveiro dun ano saltan a sebe e de dous caen de cu.** Aínda que *Caaveiro* é un mosteiro relativamente próximo, a conciencia dos falantes refire este *Caaveiro* a un tal Xeremías Caaveiro (é dicir, é un apelido frecuente na parroquia do Freixo – As Pontes, que antes pertencía á comarca do Ortegal). Os *poltros* – como se lles chamaba antes - ata o ano mamam e están briosos - pero, se teñen fame, non teñen gana de brincar. O que proverbializa este refrán é que o tal Caaveiro mantiña mal os *poltros* e, en vez de medraren, ían a menos.
154. **Os que me daban non os quixen, os que eu quería non mos deron; e agora, gugurugú mandín.** Dise da persoa que quixo escoller moito con quen casar e tanto escolleu que despois quedou solteira. A primeira vez que o escoitei foi sendo aínda un neno, a unha amiga da avoa que viñera de visita á nosa casa. Estaban a falar dunha vella que, cando era moza, tivera moitos admiradores pero non quixera casar con ningún porque agardaba que viñese un príncipe; pero ese non veu, e agora casaba co primeiro que llo propuxera e por iso lle dicían *¡Agora, gugurugú mandín!* Agora xa ningún mira para ela. Agora queda para vestir santos. Todos estes ditos refírense sempre á moza que queda solteira.
155. **Ovella que berra, bocado que perde.** A ovella, mentres berra, non come.
156. **Polo San Miguel colle o varal e o carabel.** San Miguel celébrase o 29 de setembro, que é o tempo en que maduran as noces: polo tanto é o tempo de varear-la nogueira para que caian as noces e apañalas no cesto con asa, feito con vergas ou varas tecidas, que aquí chamamos *carabel*.
157. **Pra podelo crer, primeiro haino que ver.** Porque, aínda véndoo, por veces as aparencias tamén enganar.
158. **Pita de maio vale por dúas.** A pitas que nacen en maio comezan a poñer no inverno, cando as galiñas vellas mudan de pluma e non poñen.
159. **Por San Andrés, frío nos pés.** Por esta data xa o tempo arrefría. Así se oe. Certo que o normativo hoxe sería *Santo André*, pero non rima.
160. **Primeiro de andar ás maduras, hai que andar ás verdes.** Primeiro de comelas, hainas que cocer. Refírese ás patacas; pero tamén se usa para expresar que, para conseguilo que un desexa, primeiro haino que suar duro.
161. **Quen corvos cría, os ollos lle comen.** Cando os fillos lle comen o que teñen os pais.
162. **Quen cos cans se deita, coas pulgas se levanta.** Aplícaselle a quen se mestura con xente de mala conduta.
163. **Quen de todos desconfía, tampouco nel se debe de confiar.** O que de todos desconfía, tampouco el é bo.
164. **Quen lonxe vai casar, faltas leva ou vai buscar.** Antigamente o normal era casar con persoa coñecida de vello.

165. **Quen mal anda, mal acaba.** O que é malo nunca ben acabou.
166. **Quen manda, non roga.** O amo non solicita que se faga o que el ordena: obriga a facelo.
167. **Quen moito adula, algo quere.** Louvar unha persoa é unha maneira de conseguilo que se desexa.
168. **Quen moito chufa, pouco manduca.** O que moito chufa non é o que máis ten. Non se refire só á comida; refírese a todo en xeral.
169. **Se non fora o rabo empreñaba a becerra.** Se non houbera atrancos, todo ía ben.
170. **Se non queres levar patadas, non vaías á feira dos cabalos.**
171. **Se os primeiros tronos do ano proceden do mar, riqueza prós pescadores; se proceden da terra, bo ano prós labradores.** Dito moi estendido por toda esta comarca, ó que nunca lle atopei unha explicación científica: se cadra é unha crenza errónea.
172. **Sol de inverno que moito madruga, pouco dura.** Cando o sol madruga no inverno, non bota o día sen chover.
173. **Toda a terra é país.** Dise cando os costumes entre dous pobos son semellantes. Dicíao o criado que marchara dun lugar porque tiña que traballar moito e gañaba pouco; pero no sitio a onde foi parar era o mesmo ou aínda peor.
174. **Tras do cuco sempre vén unha pequena invernia.** O cuco vén coa primavera pero trae canda el dous ou tres días de chuvia antes de que se estableza o bo tempo.
175. **Tres aves cruzan o mar, o cuco, a rula e o pantallar.**
176. **Tres cousas hai que sempre frías están, cu de muller, *rodilla de home e fociño de can.**
177. **Unha abella mala, descompón a alvariza.** Unha familia ben unida pódela descompoñer unha persoa rebelde.
178. **Unha *mao con outra se lava; e a cara con entrambas.** Este refrán expresa que, cando se recibe un regalo, hai que corresponder con outro. E, se o regalo é moi bo, aínda máis. Por aquí dicimos **mao* por *man*.
179. **Vale máis *limosna de pobre que canto o rico dá.** O pobre dá do que ten; o rico dá o que el non quer.
180. **Vale máis o pouco ben gañado que o moito mal adquirido.** É preferible o pouco ben gañado ó moito, se non foi ben adquirido.
181. **Vello que incha, na cova rincha.** Cando o vello incha, tarda pouco en morrer.
182. **Xente nova e leña verde, todo é fume.** O fume logo desaparece, daquela queda o esencial.

4. Dialoxismo

183. **Santa Marta de Ortigueira, a muller que come a nata, non ten sorte coa manteiga.** Dise da muller que é lambona; pero en realidade a utilización desta expresión é un diálogo tópico entre nós. Cando alguén de por aquí á

pregunta “de ónde é”, responde dicindo que é *de Santa Marta de Ortigueira*, o habitual é que o interlocutor de forma automática remate a frase dicindo *a muller que come a nata, non ten sorte coa manteiga*.

5. Wellerismo

184. **Unha vella dixo a outra polo furado da porta: “Métete na túa vida, a miña nada che importa”.** A que

estaba fôra, escoitaba o que a outra dicía desta.

6. Frase proverbial

185. **Millán as trae e Millán as leva.** Este é un dito local que ten unha historia e que se usa referido a quen vén contando mentiras e a el tamén llas din para que as conte noutro lado. A historia deste dito local é a seguinte. Un home de aquí, que servira en África, cando o licenciaron, non falaba senón dos contos doutro compañeiro de servizo militar que se apelidaba Millán. Os veciños deste home, cansos de lle escoitar tantas

mentiras, cando o vían chegar á taberna, dicían humoristicamente *Ven aí Millán*. Pero outro veciño, que as tiña sempre presentes, contoulle varias mentiras e, cando o rebautizado Millán marchou, dixo este veciño: *Millán as trae e Millán as leva*. E a frase quedou no ámbito local co sentido que se especifica arriba⁵.

⁵ N. de ed.: Esta frase proverbial do Ortegal está construída sobre unha estrutura ben asentada no refraneiro pero referida á neve, ó cuco ou ás abellas. Do primeiro caso *A Santa Catalina* (25.11) *trae a neve na cestiña e o santo san Millán* (12.11) *trae a neve no pan*. (recollido en Cualedro). *O San Martiño* (25.11) *leva a neve no fuciño e o santo Millau* (12.11) *lévaa na punta do pau* (A Capela; Pol). *O cuco san Benito* (21.3.) *o trae e san Benito o leva* (11.7.). *As abellas na primavera*, **Dios as trae e *Dios as leva*. *As abellas da Madalena*, **Dios as trae e *Dios as leva* (común a toda Galicia). *O agosto leva e o agosto trae* (común).

